



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 22 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG -PSOE) contra a Xunta de Galicia e o Partido Popular por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da LOREX

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 17 de xaneiro de 2024, o representante xeral do do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE), formaliza denuncia contra a Xunta de Galicia, o Partido Popular de Galicia e o presidente da Xunta de Galicia solicitando a retirada da páxina web da Xunta de Galicia as referencias a noticias en relación ao acto celebrado o día 29 de decembro de 2023 no Salón de Recepcións do Concello de Ferrol.
2. O 18 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Xunta de Galicia e ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións.
3. Cumprindo o trámite concedido, formularon alegacións o Partido Popular con data 19.01.2024 (RE 287) e a Xunta de Galicia con data 19.01.2024 (RE 294) .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral “calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos”.

Segundo. A Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación coa aclaración do 7 de abril de 2011, no que aquí interesa recolle «no cabe que durante el período electoral los representantes de las Administraciones públicas realicen actos de gestión de las obras o servicios públicos que puedan tener contenido electoralista ya sea por la presencia de los medios de comunicación o de cualesquiera otras condiciones que puedan darse. Es doctrina reiterada de esta JE que el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para el correcto desenvolvimiento de los servicios públicos. La celebración de convenios de colaboración será posible en la medida en que se den las circunstancias que los haga necesarios para el interés general.

Terceiro. A interpretación do artigo 50.2 da LOREX debe efectuarse, como recentemente a Xunta Electoral Central ten afirmado, “a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2), y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (Sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, de 28 de mayo de 2008, 11 de noviembre de 2009, 5 de noviembre de 2014 y 28 de abril de 2016). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG”.

Neste sentido a campaña institucional de logros ou de realización incardínase “dentro del deber de neutralidad electoral que se exige a los poderes públicos y constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el mandato de objetividad que proclama el artículo 103.1 de la Constitución como principio rector referido a cualquier Administración Pública y que, en lo que aquí interesa, comporta la prohibición de influir en la orientación del voto de los electores”.

Cuarto. En relación co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas as administracións públicas: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas (...)» (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Por iso «el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos» (Ac. XEC do 10 de maio de 2011).

Polo tanto, o período electoral non impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoración electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Quinto.-O obxecto desta denuncia o constitúe a difusión dada á sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Ferrol para o proxecto “ Abrir Ferrol ao mar, ”e o contido que do mesmo se recolle na páxina web institucional da Xunta de Galicia. En concreto, na denuncia faise referencia as seguintes novas que recollen os medios :

-Xunta e concello firman un convenio para abrir Ferrol al mar en un plazo de cuatro años. La intervención está cuantificada en 11 millones de euros.

-Xunta Y Concello sellan el acuerdo para Abrir Ferrol al Mar, con el horizonte puesto en el año 2027

-Rueda y Rey Varela presentan el ambicioso “abrir ferrol ao mar”



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

-Rueda destaca el proyecto “abrir Ferrol al Mar” como medio para recuperar la fachada marítima de la ciudad. El acuerdo está presupuestado con una inversión conjunta de 11 millones. El proyecto busca crear una franja de tránsito para peatones y ciclistas de 10 Km de longitud. Las intervenciones proyectadas contribuirán a la mejora estética y paisajística y, además, redundarán especialmente en la optimización de la movilidad, al configurar un itinerario funcional y sostenible. De esta forma, se podrán incrementar las zonas verdes del ámbito portuario, incorporar nuevas sendas peatonales y carriles por los que ir en bicicleta y obtener más plazas de aparcamiento.

-Las obras se desarrollarán en tres tramos, desde Ferrol vello hasta Caranza. Explicando que El primer tramo abarca parte de Curuxeiras y llega hasta el inicio de la avenida de Esteiro, con una actuación que se desarrollará a lo largo de una vía de 1,4 km de longitud. Se dará continuidad y al carril bici que está en construcción, se crearán itinerarios y espacios peatonales accesible, se reordenarán las plazas de estacionamiento y se dispondrá un aparcamiento disuasorio.

En el segundo tramo se actuará para mejorar el entorno del Arsenal y de los astilleros en el barrio de Esteiro a lo largo de 600 metros de longitud. En ella se realizará conexión con el carril ciclista de la avenida de Esteiro, creando un itinerario peatonal y ciclista que conecte puntos estratégicos de la ciudad, y se construirá un estacionamiento disuasorio de 200 plazas.

Y en el tercer tramo, en la zona de Caranza y Telleiras, las actuaciones propuestas se sumarían a las que se están desarrollando a lo largo de la avenida de las Pías por los ensanches, Esteiro, Telleiras y Caranza. Se prevé reordenar y conectar los itinerarios peatonales y se proyecta la construcción de estacionamientos disuasorios con capacidad para 100 vehículos.

Sexto. Exposta a normativa de aplicación e os feitos denunciados, esta Xunta electoral considera que debe partirse da diferenza entre a legalidade do acto: a sinatura dun convenio de colaboración administrativa —xa que a existencia dun proceso electoral en curso non interrompe o funcionamento normal das administracións públicas— da difusión do mesmo, é dicir, do exame das mensaxes difundidas en diferentes medios de comunicación, medios convocados e na páxina web da Xunta de Galicia, o que permite apreciar que a presenza do presidente da Xunta e candidato do Partido Popular ás eleccións en curso que, aínda que non sexa algo excepcional, segundo se desprende do escrito de alegacións da Xunta, non resulta imprescindible para a sinatura do convenio e que a mesma non puidera quedar postergada ata despois do período electoral sen quebranto ou lesión do servizo ou interese público. Ademais do o anterior, únense as referencias seguintes: *os 11 millóns nos que se cuantifica a obra, o carácter ambicioso do proxecto, a súa con contribución á mellora estética e paisaxística que ademais redundará na optimización da mobilidade e co que poderá incrementarse as zonas verdes de ámbito portuario, incorporar sendas peonís e carrís polos que ir en bicicleta e obter mais pazas de aparcamento (200 e 100, respectivamente no segundo e terceiro treito).* Todas estas circunstancias determinan que esta Xunta entenda que o contido da noticia denunciada desborda o contido obxectivo e necesario para a salvagarda do interese público. Conforme a abondosa doutrina da XEC, *“la celebración de convenios de colaboración será posible en la medida en que se den las circunstancias en que sean necesarios para el interés general. Sin embargo, no cabe que con motivo de la celebración de acuerdos o convenios de colaboración las autoridades o*



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

funcionarios se realicen actos o declaraciones que tengan contenido electoralista o que puedan considerarse como campaña de realizaciones o logros obtenidos.”

E como ten reiteradamente declarado a Xunta Electoral Central, durante os períodos electorais as páxinas webs de titularidade pública deben cinguir a súa información aos acordos adoptados pola institución á que pertencen, así como aqueles outros que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos, debendo absterse de incluír outras mensaxes que poidan ter un carácter electoralista contrario á obriga de respecto aos principios de neutralidade e igualdade entre os candidatos electorais.

Por estes motivos, a actuación denunciada constitúe unha infracción do contido do artigo 50 da LOREX e, consecuentemente, adóptase o seguinte

ACORDO

Que existe unha vulneración do deber de neutralidade, polo que ordena a retirada da páxina web da noticia denunciada.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 19,00 horas do próximo día 23 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal